



CIRCULAR 02-2019.

I CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS MIXTO POR RELEVOS.

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1.)- A Federación Galega de Atletismo organizara o vindeiro domingo día 27 de xaneiro do 2019 o I Campionato de Galicia de Campo a Través Mixto por relevos a celebrar en A Rúa.

Art.2.)- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- 2.1.- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencente a Galicia.
- 2.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
- 2.3.- Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3.)- O relevo mixto compoñeráse de 2 homes e 2 mulleres; atletas Sub20 ou superiores, máximo 1 atleta estranxeiro, máximo 1 atleta do club filial. A orde de participación será muller, home, muller e home. Cada corredor/a dará unha volta (aproximadamente 2000m) ata completar o equipo un total 4 voltas.

Art.4.)- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 22 de xaneiro ás 20:00 horas.

Art.5.)- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

Art.6.)- A saída será ás 13.45h.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. A apertura será 25 minutos antes e pechará 15 minutos antes da saída de cada proba, (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos/as atletas inscritos/as). Os/as atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

Art.8).- Entregaranse trofeos ós/as tres primeiros/as equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 10).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, 9 de xaneiro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo